



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN EN DATA 26 DE FEBREIRO DE 2015.

ASISTENTES:

ALCALDESA-PRESIDENTA:

D^a. María Loureiro García.

CONCELLEIROS:

D. Jesús Antonio Fernández Cal, D. Vicente Hermida Rodríguez., D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Carlos Alberto Gueimunde Cabaleiro, D^a. Covadonga Viamonte Aguirar, D. Bernardo José Fraga Galdo, D. Manuel Galdo Dopico, D^a. Olaia Casas Chaves, D. Celestino Valentín García Paz, D^a. Cándida Méndez Salgado, D. Guillermo Leal Arias e D. Jesús Fernández Fernández.

AUSENCIAS:

D. Antonio José Bouza Rodil D^a. M^a Jesús Vale López, D. Jaime Eduardo de Olano Vela e D^a. M^a del Carmen Gueimunde González.

INTERVENTOR (POR DELEGACIÓN)

D. Sergio Aguado Delicado.

SECRETARIA XERAL

D^a. M^a Luz Balsa Rábade

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as quince horas do día vinte e seis de febreiro de dous mil quince, reúnen-se, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión extraordinaria e urxente do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, asistida de mín, que como Secretaria Xeral, certifico do acto do Concello.

Excusan a súa asistencia: D. Antonio José Bouza Rodil, D^a. M^a Jesús Vale López, D. Jaime Eduardo de Olano Vela e D^a. M^a del Carmen Gueimunde González.

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN

Tendo en conta que segundo se establece no contrato de “Xestión dos servizos públicos de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos e limpeza de espazos públicos no termo municipal de Viveiro”, a data límite para o posible acordo de prórroga do referido contrato é o día de hoxe, por unanimidade dos presentes, ratifícase a urxencia da sesión.



2.- PRÓRROGA DO CONTRATO “XESTIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E LIMPEZA DE ESPACIOS PÚBLICOS NO TERMO MUNICIPAL DE VIVEIRO”.

Vista a proposta da Alcaldía de prorrogar por un período bianual o contrato de “Xestión dos servizos públicos de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos e limpeza de espazos públicos no termo municipal de Viveiro”.

Visto o informe emitido polo Servizo de Contratación, coa conformidade de Secretaría e Intervención.

Visto que este asunto foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Obras e Medio Ambiente.

Intervén a Sra. Alcaldesa para proceder á apertura do debate, que transcurre do seguinte xeito:

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Celestino García Paz para dicir que despois do que se comentou na Comisión Informativa, o seu grupo tiña unha idea, que era que non había inconveniente en que se prorrogara o referido contrato, pensando en problemas de tempo para sacar o concurso antes da data límite de remate do contrato. Considerando que en 10 meses si hai tempo suficiente para realizar un concurso consideran ésta a mellor opción, concurso ó que podería presentarse tamén a actual concesionaria. Sinalan que no servizo hai lagunas, que no contrato do ano 2000 se contemplou a execución dunha nave pola empresa por valor de 120.000 euros, descoñecendo que a non execución da mesma viña motivada pola falta de terreos. Engade que agora non hai problema porque si hai terreos, e podería construírse xa esa nave. Conclúe que o seu grupo vai votar en contra da prórroga coa intención de que se convoque un concurso o antes posible.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que cando chegou á Comisión Informativa viña cunha posición clara de votar en contra, e analizada a situación o seu grupo vai manter esa posición. Manifesta que en 15 anos houbo tempo de sobra para construír a nave, e que aínda agora a empresa ten 10 meses para facelo, a parte de que houbo 15 anos para buscar o suelo. Entende que o Concello se beneficiaría cun novo concurso, xa que isto permitiría abaratar custos e mellorar o servizo, coa inclusión de novas rúas que a día de hoxe quedan fóra. Considera que si se acorda a prórroga o que se está a facer é regalarlle 2 anos de concesión á empresa a cambio de nada, sen beneficio algún para o Concello.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias, para dicir que unha vez máis o seu grupo ten que saír en defensa dos intereses do Concello. Sinala que hai que partir da existencia dun contrato que data do ano 2000 e que se fixo mal, cun problema que hai que solucionar agora; xa que naquel momento permitíuselle a unha empresa que realizase unha nave no tempo que quixese, e agora a empresa tería só 10 meses para facela, xa que durante 14 anos e 2 meses o Concello non fixo nada. Indica que nun xuízo, no suposto de que a empresa non construíse a nave nestes 10 meses, as posibilidades de que saise gañando o Concello son escasas. Sopesan se é máis beneficioso para o Concello sacar un novo concurso e poder quedar sen a nave e, polo tanto, sen 120.000 euros, ou prorrogalo, polo que considera que deben tomar a decisión máis adecuada para os cidadáns de Viveiro, e a única posibilidade de poder garantir unha seguridade respecto á



obriga da empresa de construción da nave, nestes momentos é acordar a prórroga. Recorda que cando o seu grupo apoiou os orzamentos non foi porque lles gustasen senón por non perder subvencións, e agora en prol dos intereses dos cidadáns de Viveiro van apoiar a prórroga. Engade que lles gustaría que se lle esixise á empresa, á marxe deste acordo, que fixase unha data para a conclusión da construción da nave.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.S.O.E., D. Jesús A. Fernández Cal, para indicar que o seu grupo está de acordo co exposto polos grupos do P.P. e B.N.G., xa que hai zonas que non están de todo o limpas que terían que estar, aínda que ó mellor nalgúns casos non é totalmente achacable á empresa, así como que hai aspectos moi mellorables. Sinala que ata maio queda pouco tempo e hai experiencias de que as contratacións van co tempo que van, así como que debe intentar garantirse a construción da nave. Indica que hai uns compromisos verbais por parte da empresa de mellorar o servizo, aínda que a empresa alega que Viveiro medrou moito dende o ano 2000 e para chegar a todas as rúas é necesario retomar o contrato cun novo concurso. Sinala así mesmo que aínda que poda haber aspectos mellorables realmente en xeral funciona ben, e pon o exemplo contrario en Celta Prix. Di que con esta empresa se fixo un contrato ilegal sen pasar por ningún lado, e segundo o cal a empresa tiña que abonar un importe ó Concello por cada kg., cando durante 14 anos non se aportou nada, e unha vez reclamado ese diñeiro, agora contestan que están en suspensión de pagos. Como contrapartida a isto entende que Cespa está cumprindo. Ademais considera que 2 anos pasan axiña, e iso permite de forma relaxada sacar un concurso.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Celestino García Paz, para dicir que se existise constancia de que esta empresa o facía todo ben non habería problema en prorrogar, pero cónstalles que non é así. Sinala que a barredora leva cerca de tres anos sen pasar por Covas e Celeiro. Respecto a que o i.V.i. diga que o contrato está mal, realizándose na época do P.P., engade que posteriormente se modificou e incluso se recortaron servizos. Consideran que a baza que hai que xogar agora é un concurso, aínda que houbese demora na posta a disposición dos terreos para a construción da nave, xa que aínda faltan 10 meses de contrato, e tamén se podería establecer esta obriga no concurso.

Intervén a Sra. Alcadesa para dicir que no ano 2000 foi cando houbo un erro de base porque non se especificou onde había que construíla. Pon o contrato do matadoiro como exemplo, no que agora se considera que o contratista está máis atado.

Intervén en representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo Fraga Galdo, para dicir que o problema é o contrato inicial, pero logo houbo 15 anos para poder tomar medidas. Engade que o problema do servizo é en determinadas zonas, xa que en xeral o servizo é bo, pero hai que adaptalo á realidade. Respecto á nave considera que a empresa ten que cumprir o contrato e executar a nave, sen a prórroga. Di que non sabe cando se recibiron os terreos do polígono e, polo tanto, cando se puideron ter posto xa a disposición da empresa. Respecto ós compromisos verbais da empresa considera que non vai mirar os intereses do Concello.

Intervén en representación do Grupo Municipal do i.V.i., D. Guillermo Leal Arias, para dicir que no ano 2000 cando se asinou o contrato sabíase que o Concello non tiña os terreos, porque non había polígono, pero agora entende que hai que tratar de mirar de recuperar a posibilidade de que o Concello recupere a construción desa nave, xa que de non executala a empresa nos 10 meses que restan de contrato entenden que un proceso xudicial habería moitas posibilidades de perdelo, o que tamén foi corroborado pola secretaria municipal. Engade que o contrato non se pode modificar, xa



que a prórroga é nas mesmas condicións que o suscrito no seu momento, e agora polos intereses do Concello considera que a decisión máis axeitada é a prórroga. Respecto ó funcionamento do servizo considera que todos os servizos son mellorables pero en Viveiro éste é un dos que peca menos.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.S.O.E., D. Jesús A. Fernández Cal, para dicir que esta cuestión debía terse previsto hai un ano polo menos, pero son moitos os contratos municipais, e 2 anos pasan rápido permindo nese tempo convocar un concurso cuns pregos en condicións, e o Concello necesita de forma urxente unha nave e eliminar os pequenos locais inservibles que ten a día de hoxe.

Intervén representación do Grupo Municipal do B.N.G., D. Bernardo J. Fraga Galdo, para dicir que no pleno dos orzamentos o seu grupo avisou de que se acababa o contrato.

Non existindo máis debate procédese á votación, acordándose con 8 votos a favor correspondentes ós grupos do P.S.O.E. e i.V.i. e 5 votos a favor correspondentes ós grupos do P.P. e B.N.G., a aprobación da prórroga bianual do contrato “Xestión dos servizos públicos de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos e limpeza de espazos públicos no termo municipal de Viveiro”, que vai dende o 27 de decembro de 2015 ata o 27 de decembro de 2017.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 15:45 horas do día 26 de febreiro de 2015, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA.